

PSOE e UAAA analizarán este xoves na Terra Chá as consecuencias da supertaxa láctea, aprobada e consentida polos Gobernos do PP

Será a través da xornada informativa *“Situación do sector lácteo na provincia de Lugo. A supertaxa, que organiza a secretaría de Medio Rural, e que se desenvolverá en Cospeito. O encontro estará clausurado polo líder do PSdeG –José Ramón Gómez Besteiro-*

O reparto da cota é claramente insuficiente para Lugo, pois os gandeiros desta provincia xa se enfrontan ao pago de 15 millóns de euros polo exceso de produción, é dicir, por fabricar máis cantidade de leite que a permitida coa cota que teñen na actualidade

Con esta iniciativa, a executiva provincial dá continuidade ao compromiso adquirido en agosto de manter xuntanzas cos gandeiros afectados para dar resposta ás múltiples dúbidas que ten o sector sobre este asunto

LUGO, 14 DE OUTUBRO DE 2014.- O Partido Socialista, en colaboración con Unións Agrarias, analizará este xoves na Terra Chá as consecuencias do reparto da cota láctea, que foi aprobado e consentido polos Gobernos do Partido Popular e que é claramente insuficiente para Lugo, pois os gandeiros desta provincia xa se enfrontan ao pago de 15 millóns de euros pola supertaxa, é dicir, por producir máis cantidade de leite que a permitida coa cota que teñen na actualidade.

Será a través da xornada que organiza a secretaría de Medio Rural, que dirixe Horacio Rouco, e coa que a executiva provincial dará a coñecer, de primeira man, o momento actual que está a afrontar o sector, así como a súa perspectiva de futuro, co fin de trasladala ás administracións responsables, e que en Galicia é a Xunta e, en España, o Ministerio de Agricultura.

Deste xeito, o encontro, que leva por nome *“Situación do sector lácteo na provincia de Lugo. A supertaxa”*, desenvolverase a partires das 21.30 horas, no local social de Arneiro (Cospeito). Ademais de Horacio Rouco, intervirá o secretario Xeral de UAAA en Galicia –Roberto García-. A xornada estará moderado polo secretario Provincial –Juan Carlos González Santín- e será clausurada polo líder do PSdeG-PSOE –José Ramón Gómez Besteiro-.

Repercusións da supertaxa

Galicia é unha das 10 primeiras rexións europeas en produción leiteira. Produce case o 40% de todo o leite de España, uns 2,5 millóns de litros, cun valor económico de 828 millóns de euros, uns 137.000 millóns das antigas pesetas, que equivalen a preto do 1,5% do PIB galego.

Sen embargo, supera o límite de produción en máis de 300 millóns de quilos, situándose entre as tres Comunidades españolas que máis rebasarán a cota láctea este ano. Isto provoca, que case o 70% dos gandeiros galegos se arrisquen a unha multa por exceder a cantidade asignada. É dicir, uns 6.536 gandeiros de Galicia poderían ser multados ao final da campaña láctea. En Lugo, estes profesionais poderían pagar case 28 céntimos por litro que se exceda a cota.

Compromiso adquirido en agosto

Con esta iniciativa, a executiva provincial dá continuidade ao compromiso adquirido en agosto de manter xuntanzas cos titulares de explotacións afectadas para dar resposta ás múltiples dúbidas que teñen sobre este asunto. Deste xeito, os socialistas, ao igual que fixeron coas Políticas Agraria e Pesqueira Cumún, continúan co seu obxectivo de coñecer as fortalezas e debilidades dos principais sectores produtivos para deseñar un plan de traballo conxunto que permita impulsar a provincia dende o punto de vista social, económico e industrial.